



IV Convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS).

Anexo II: Deseño do Proxecto de Innovación en ApS. Modalidade A: Proxectos Emerxentes.

Título do proxecto

Trebellando coas linguas

Coordinador do proxecto

Nome e apelidos	Luz Zas Varela
Facultade	Ciencias da Educación

Materias involucradas no proxecto

Nome da materia	Titulación	Curso	Nº (*)
Educación e linguas en Galicia	Grao en Mestre de Educación Infantil	3º e 4º	55

(*) Número de alumnos/as estimado que participarán no proxecto.

Deseño do proxecto

Descrición da necesidade social

(Máximo 1.000 caracteres)

A Educación Infantil é unha etapa educativa na que as nenas e os nenos deben incorporarse a un sistema educativo que resulta homoxeneizador e en moitos casos, isto dificulta a inclusión da rica diversidade lingüística familiar. Desde xeito, faise preciso impulsar metodoloxías encamiñadas ao desenvolvemento dunha educación lingüística máis inclusiva.

Tendo isto en conta, é preciso poñer en valor prácticas docentes que poñan o foco na sensibilidade cara a diversidade lingüística e cultural e axuden a combater certas actitudes racistas e discriminatorias. Co obxectivo de promover estas prácticas, a metodoloxía denominada *Éveil aux langues* (*despertar ás linguas*) resulta de utilidade para deseñar e implementar actividades nas aulas que poñan en valor as diferenzas lingüísticas e culturais das familias, da contorna do centro escolar e dos estudantes. Deste xeito, coa implementación das actividades e coa colaboración das familias, podemos contribuir a favorecer sistemas educativos máis xustos e inclusivos.

Entidade colaboradora

(Máximo 500 caracteres)

CEIP de Vite e ANPA do CEIP de Vite.

Carácter innovador da experiencia

(Máximo 1.000 caracteres)

Segundo a UNESCO (2008) o sistema educativo debe perseguir a inclusión e a xustiza social o que pasa por valorizar a diversidade lingüística e cultural individual como unha riqueza. Para conseguir este obxectivo hai tres eixes fundamentais: 1) políticas educativas inclusivas; 2) a presenza da diversidade lingüística e cultural nos currículos; 3) prácticas docentes inclusivas para a xestión desta diversidade.

O reto pasa por integrar nos primeiros anos de escolarización os diferentes repertorios lingüísticos dos estudantes, as linguas familiares, as linguas oficiais e as denominadas estranxeiras. Coa implementación de actividades de conciencia lingüística (*éveil aux langues/abrirse ás linguas*) trátase do descubrimento activo, a través de actividades que poñen en contacto aos estudantes con corpus orais e escritos en diferentes linguas, da máis ampla diversidade: linguas orais e linguas sinadas, linguas con distintos alfabetos, linguas diversas para expresar emocións e referirse a diferentes realidades coa finalidade de facilitar a consecución de obxectivos que teñen como prioridade a inclusión do alumnado.

Descrición da experiencia: obxectivos, fases e avaliación

(Máximo 2.500 caracteres)

Os **obxectivos xerais** desta proposta de innovación educativa van encamiñados a favorecer o desenvolvemento do plurilingüismo e de cidadáns máis comprometidos coa diversidade lingüística e cultural e son:

- ✓ Facilitar á integración das diversas linguas do alumnado autóctono e alóctono.
- ✓ Desenvolver a capacidade de reflexión metalingüística.
- ✓ Favorecer actitudes positivas cara as diferencias de expresión lingüística e cultural.

Os **obxectivos máis específicos** do deseño das diversas actividades e tarefas para desenvolver nas aulas (**Trebellando coas linguas**) son:

- ✓ Implementar actividades de *éveil aux langues (despertar ás linguas)* que permitan un cambio de actitude tanto nas docentes como nos estudantes cara a diversidade lingüística e cultural.
- ✓ Diseñar actividades e tarefas con diversas linguas, fundamentalmente da Península Ibérica (catalán, portugués, aragonés, bable e outras), con

distintos sistemas de escritura e alfabetos (braille, árabe, chinés) e con distintos modos semióticos: linguas orais e linguas sinadas (lingua de signos española)

Para conseguir acadar estes obxectivos levaremos a cabo o deseño das actividades e tarefas nos seminarios interactivos da materia de **Educación e linguas en Galicia** e a implementación das actividades será realizada durante catro semanas no CEIP de Vite coas nenas e nenos de 3, 4 e 5 anos. Así mesmo, realizaranse dúas sesións coas familias na biblioteca do centro escolar.

Fases do proxecto

Primeira fase: reunión co profesorado de infantil e coa ANPA de Vite. Xa temos unha traxectoria de colaboración mutua dende o curso académico 2012-2013. Nesta primeira fase tomamos decisións colaborativas sobre os contidos das actividades e as datas.

Segunda fase: deseño do proxecto e das actividades e tarefas.

Esta fase será realizada nas clases interactivas da materia de **Educación e linguas en Galicia** no Grao en Mestre de Educación infantil.

Terceira fase: o alumnado do grao implementará as actividades deseñadas durante catro semanas no centro educativo.

- ✓ Semana 1: unha actividade en cada grupo de 3, 4 e 5 anos
- ✓ Semana 2: unha actividade en cada grupo de 3, 4 e 5 anos. Unha sesión coas familias na **biblioteca do centro**.
- ✓ Semana 3: unha actividade en cada grupo de 3, 4 e 5 anos
- ✓ Semana 4: unha actividade en cada grupo de 3, 4 e 5 anos. Unha sesión coas familias na **biblioteca do centro**.

Cuarta fase: sesión conxunta na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Norte). Profesorado de infantil e da materia, alumnado de infantil e da materia e as familias.

Quinta fase: exposición en clase do traballo realizado por cada un dos subgrupos de traballo.

Sexta fase: avaliación de todo o proceso.

Temporalización

Dado que a materia de **Educación e Linguas en Galicia** desenvólvese durante o segundo semestre, o calendario previsto das fases descritas será o seguinte:

Primeira fase: 2ª semana de clase, principios de febreiro.

Segunda fase: febreiro e marzo.

Terceira fase: segunda quincena de marzo e primeira de abril.

Cuarta fase: Segunda quincena de abril.

Quinta fase: a principios do mes de maio.

Sexta fase: no mes de maio.

Xustificación da contribución do proxecto á adquisición das competencias da materia

(Máximo 1.000 caracteres)

Competencias xerais

- ✓ Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe das linguas en contextos multiculturais e multilingües.

Competencias específicas

- ✓ Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan a educación familiar e escolar: multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostible.
- ✓ Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.

Competencias básicas

- ✓ Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- ✓ Que os estudantes teñan a capacidade de reuniren e interpretaren datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.

Competencias transversais

- ✓ Coñecemento instrumental da lingua galega.
- ✓ Coñecemento instrumental das tecnoloxías da información e da comunicación. Competencia informacional.

Proxección

(Máximo 500 caracteres)

(Posibilidades de xeneralización da experiencia a outros centros educativos)
Tendo en conta a experiencia de colaboración que mantemos co CEIP de Vite (e tamén noutros cursos académicos no Raíña Fabiola), consideramos que este proxecto de ApS pode ter continuidade noutros colexios e noutros contextos, non só colexios senón outras institucións (centros cívicos, asociacións) que desexen ofertar obradoiros para alumnado autóctono e alóctono en colaboración coas familias.

Sra. Vicerreitora de Organización Académica.